

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 12 de maio de 2026 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2026, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IN421S).

Mediante a Resolución do Inega do 23 de decembro de 2026, que foi publicada no DOG núm. 12, do 20 de xaneiro, establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica.

O artigo 3.2 das bases reguladoras prevé a posibilidade de redistribuír o orzamento se nalgunha das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe lista de agarda.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o 2 de marzo e non se registrou un número suficiente de solicitudes para esgotar o orzamento correspondente ao ano 2026 na Administración local. Pola súa banda, na epígrafe correspondente a empresas non existe dispoñibilidade orzamentaria suficiente para atender as solicitudes con cargo ao orzamento de 2026.

Do mesmo xeito, no orzamento destinado á execución do ano 2027 existe un excedente correspondente á epígrafe de empresas, mentres que non hai dispoñibilidade orzamentaria suficiente para atender as solicitudes da Administración local nesta anualidade.

O artigo 31 do Decreto 11/2009 establece que cando a contía máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, dado que nas ampliacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible, e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso de proxectos de enerxía fotovoltaica,



RESOLVO:

Primeiro. Redistribuír os fondos destinados ás subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica para as anualidades 2026 e 2027, en función do volume de solicitudes recibido, modificando a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 23 de decembro de 2025 do seguinte xeito:

Modificación orzamentaria:

Beneficiario/a	Importe inicial	Modificación	Importe final
Empresas	4.550.000 €	+ 100.000 €	4.650.000 €
Administración local	1.560.000 €	- 100.000 €	1.460.000 €
Entidades sen ánimo de lucro	390.000 €	-	390.000 €
Total	6.500.000 €	0 €	6.500.000 €

Dotación orzamentaria final:

Tipo de beneficiario/a	Anualidade 2026 (€)	Anualidade 2027 (€)	Importe asignado (€)
Empresas	2.700.000 €	1.950.000 €	4.650.000 €
Administración local	590.000 €	870.000 €	1.460.000 €
Entidades sen ánimo de lucro	210.000 €	180.000 €	390.000 €
Total	3.500.000 €	3.000.000 €	6.500.000 €

Segundo. Esta modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a alteración do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2026

Pablo Fernández Vila
Director do Instituto Enerxético de Galicia

